

## XUBILACIÓN

	CLASES PASIVAS	SEGURIDADE SOCIAL
BENEFICIARIOS/AS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcionarios/as de carreira que ingresaran antes do 01/01/2011.</li> <li>- Aqueles/as funcionarios/as que, tendo ingresado antes do 01/01/2011, promocionen a outro corpo despois desa data.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcionarios/as interinos/as.</li> <li>- Funcionario/a de carreira proveniente do Ministerio de Traballo/AISS.</li> <li>- Funcionario/a de carreira de novo ingreso é posterior a 01/01/2011.</li> </ul>
BASE REGULADORA	<p><b>Haber regulador.</b> Cada ano se fixa na Lei de Presupostos Xerais do Estado. O haber regulador non vai vinculado ás retribucións, senón ao grupo de pertenza (letrados/as, xestión, tramitación ou auxilio), sendo fixo para cada un dos grupos, con independencia das retribucións concretas que cada mes perciba o/a funcionario/a, é dicir, todos/as os/as funcionarios/as de cada grupo teñen o mesmo haber regulador.</p>	<p><b>Base de cotización</b> é o importe que se paga a Seguridade Social a efectos de xerar dereito a futuras prestacións. Unha porcentaxe págaa a empresa e outra o traballador ou traballadora. A base de cotización non é igual para todos. Así, no Réxime Xeral, a cotización está en función das retribucións que perciba cada funcionario/a, polo que persoal do mesmo grupo poden ter diferente base de cotización.</p>
XUBILACIÓN FORZOSA	<p>Declárase de Oficio.</p> <p>Ter cumprido os <b>65 anos</b>. (70 no caso de letrados/as, maxistrados/as e fiscais).</p> <p>Ter cotizado máis de 15 anos de servizos efectivos.</p> <p>Na data do feito causante non é obrigatorio estar en activo; pode estar en excedencia ou incluso ter perdido a miña condición de funcionario/a.</p>	<p><b>67 anos</b> (A partir do ano 2027).</p> <p><b>65 anos</b> (Cando se acrediten <b>38 anos e 6 meses</b> de cotización).</p> <p>Ter un período mínimo de cotización de <b>15 anos</b>, dos que alomenos <b>dous</b> deberán estar comprendidos dentro dos 15 anos inmediatamente anteriores ao momento de causar o dereito.</p> <p>Na data do feito causante non é obrigatorio estar en activo, podendo estar en excedencia ou incluso ter perdido a condición de funcionario/a.</p>
XUBILACIÓN VOLUNTARIA	<p>A petición do interesado/a.</p> <p>Sempre que se teñan cumpridos <b>60 anos de idade</b> e recoñecidos un mínimo de <b>30 anos</b> de servizo.</p> <p>Se para completar os 30 anos esixibles tiveran que computarse cotizacións a outros rexímenes, será preciso que os últimos cinco anos de servizo sexan computables ao réxime de Clases Pasivas.</p> <p>Se temos <b>35 anos ou máis</b> cotizados, corresponderanos o <b>100%</b> do noso haber regulador.</p> <p>Deberemos de solicitala por escrito e cunha antelación de <b>3 meses</b>.</p> <p>Para maxistrados/as, fiscais ou letrados/as a idade de xubilación voluntaria será aos 65 anos, cun mínimo de 15 anos de servizo, e deberana solicitar cunha antelación de 6 meses.</p>	<p>A petición do interesado/a.</p> <p>Ter cumprida unha idade que sexa inferior, <b>en dous anos</b>, como máximo, a idade que en cada caso resulte de aplicación para a xubilación forzosa.</p> <p>Encontrarse en alta ou situación asimilada a alta.</p> <p>Período mínimo de cotización efectiva de <b>35 anos</b>, sen que, para tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias nin o aboamento de anos e días de cotización por cotizacións anteriores ao 01-01-1967. Para estes exclusivos efectos, só se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio, da prestación social substitutiva ou do servizo social feminino obrigatorio co límite máximo <b>dun ano</b>.</p> <p>Do período cotizado, alomenos <b>2 anos</b> deberán estar comprendidos nos <b>15 inmediatamente anteriores</b> no momento de causar o dereito, ou no momento que cesou a obriga de cotizar.</p> <p>Ollo cos <b>coeficientes redutores</b> que se poidan aplicar.</p>
XUBILACIÓN DEMORADA	<p>Dos <b>65 aos 70 anos</b>. (Dos <b>70 aos 72</b> para letrados/as, maxistrados/as e fiscais).</p> <p>Deberase presentar a solicitude alomenos <b>dous meses antes</b> da data da miña xubilación forzosa.</p> <p>A pensión incrementarase nunha porcentaxe (dependendo dos anos de servizo), por cada ano completo traballado a partir dos 65:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ata 25 anos de servizo incrementarase un 2%.</li> <li>- Entre 25 e 37 anos de servizo un 2,75%.</li> <li>- A partir dos 37 anos un 4%.</li> </ul> <p>Poderase tamén optar por unha <b>cantidade a tanto alzado</b> unha vez cumpramos os <b>70</b>, ou por unha modalidade mixta (<b>tanto alzado + incremento de pensión</b>).</p>	<p>Dos <b>65 aos 70 anos</b>.</p> <p>Sempre que se teñan cotizados <b>38 anos e 6 meses</b>.</p> <p>Se se tiveran cotizados <b>menos de 38 anos e seis meses</b>, a idade de xubilación sería <b>67 anos</b>, e en consecuencia o complemento percibiríase dende os <b>67 aos 70 anos</b>.</p>

<p><b>XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE</b></p>	<p>Declárase de oficio ou a instancia de parte. Prodúcese cando o/a interesado/a está afectado/a por unha lesión ou proceso patolóxico ou psíquico, cunha cura incerta e irreversible, imposibilitándolle totalmente o desenvolvemento das funcións propias do seu cargo. Neste suposto considéranse como servizos efectivos, ademais dos acreditados ata ese momento, os anos completos que lle resten para cumprir a idade de xubilación.</p>	<p>Grao de discapacidade igual ou superior o <b>65%</b>. Pode ser igual ou superior ao <b>45%</b>, si se trata de discapacidade regulamentariamente determinada, respecto da cal existan evidencias contrastadas que determinen de forma xeneralizada unha redución significativa da esperanza de vida. A existencia da discapacidade, así como do grao correspondente, acreditarase mediante certificación do Instituto de Maiores e Servizos Sociais ou do órgano correspondente da respectiva comunidade autónoma que recibise a transferencia das funcións e servizos daquel.</p>
<p><b>SERVIZO MILITAR PRESTACIÓN SOCIAL SUBSTITUTORIA SERVICIO SOCIAL FEMININO</b></p>	<p>A efectos de dereitos pasivos unicamente se teñen en conta para a determinación das pensións dos/das funcionarios/as, cando se fixeran despois do seu ingreso na Función Pública. No caso en que se fixeran antes de adquirir a condición de funcionario, solo se computaría <b>o tempo que excedese</b> do servizo militar obrigatorio ou servizo social feminino obrigatorio.</p>	<p>Só se computará para completar a xubilación anticipada, cun límite máximo de <b>1 ano</b>.</p>
<p><b>CANDO EMPEZO A COBRAR</b></p>	<p>Dende o <b>primeiro día do mes seguinte</b> ao da xubilación.</p>	<p>Dende <b>o día seguinte a data do feito causante</b>, sempre que a solicitude se presentara con <b>tres meses de antelación</b>.</p>

<p><b>OUTROS BENEFICIOS ASIMILABLES Á COTIZACIÓN EN CASO DE TER FILLOS OU FILLAS</b></p>	<p>Para completar períodos de cotización teranse en conta os seguintes beneficios: Cotización por parto: 112 días de cotización (14 máis por cada fillo ou filla en casos de partos múltiples) para aquelas traballadoras que non cotizaran, gozasen ou cobrasen durante o período equivalente ao permiso de parto. Cotización por coidado de fillos ou fillas. Teñen dereito a que se recoñeza a cotización de 270 días calquera dos dous proxenitores sempre e cando se interrompese a cotización por extinción da relación laboral ou por finalización do cobro de prestacións ou subsidios por desemprego entre os 9 meses anteriores ao nacemento (ou 3 meses previos á adopción ou acollemento) e o remate do 6º ano posterior ao parto, co tope do tempo máximo de interrupción da cotización.</p>
--	---